



CARTA PASTORAL

***ULTREIA,* UNHA FUNDACIÓN EDUCATIVA Ó SERVIZO DA MISIÓN E DO BEN COMÚN**

✠ Francisco José Prieto Fernández
Arcebispo de Santiago de Compostela

ULTREIA, UNHA FUNDACIÓN EDUCATIVA Ó SERVIZO DA MISIÓN E DO BEN COMÚN

Recentemente, co gallo da apertura do curso na Pontificia Universidade Lateranense de Roma, o Papa León XIV afirmaba que “o obxectivo do proceso educativo e académico, de feito, debe ser formar persoas que, co espírito de xenerosidade e paixón pola verdade e a xustiza, poidan construír un mundo novo, solidario e fraterno. A universidade pode e debe difundir esta cultura, converténdose nun signo e unha expresión deste novo mundo e da busca do ben común”¹.

Nunha perspectiva de ben común, a Arquidiocese de Santiago de Compostela pode, quere e debe seguir servindo á sociedade cos seus colexios diocesanos. Temos que seguir poñendo tódalas nosas capacidades ó servizo da beleza, a verdade e o ben, xerando espazos sociais de encontro, inclusión, formación integral e promoción humana². Como recupera-la confianza nun mundo sen dimensión moral da política e da vida cotiá, como confi-

1 LEÓN XIV, *Discurso na Pontificia Universidade Lateranense con motivo da apertura do Ano Académico* (Roma, 14 de novembro de 2025).

2 LEON XIV, Exhortación apostólica *Dilexi te* (2025), n. 72.

gurar liderados éticos, esta é a gran cuestión dos nosos días³. Ó noso mundo, creo eu, fáltnlle cooperación e sóbralle egoísmo. Por iso, son tan valiosas as iniciativas que, con humildade e sinxeleza, pero con decisión, promoven a civilización do amor⁴, expresión carismática do maxisterio de San Paulo VI, asumida e ensanchada polos seus sucesores.

Debemos darnos conta que, unha vez satisfeitas as necesidades básicas, o desenvolvemento humano refírese primordialmente a ser máis, non a ter máis⁵. Como escribiu o Papa Francisco, “a actitude básica de autotranscenderse, rompendo a conciencia illada e a autorreferencialidade, é a raíz que fai posible todo coidado dos demais e do medio ambiente, e que fai brota-la reacción moral de considera-lo impacto que provoca cada acción e cada decisión persoal fóra dun mesmo. Cando somos capaces de supera-lo individualismo, realmente pode desenvolverse un estilo de vida alternativo e vólvese posible un cambio importante na sociedade”⁶.

Está claro que necesitamos recupera-la ética da virtude e o sentido comunitario da existencia humana, como ten insistido nas últimas décadas un dos grandes pensadores internacionais, o filósofo británico Alasdair MacIntyre⁷, recentemente falecido.

Como sinala outro gran filósofo, o español José Antonio Marina, “en moitas das atrocidades do século XX houbo

3 V. CAMPS, *La sociedad de la desconfianza* (Barcelona 2025).

4 SAN PAULO VI, *Homilía na Natividade do Señor* (25 de decembro de 1975).

5 Resulta obrigado aquí recorda-lo libro de ERICH FROMM, *¿Tener o ser?* (Madrid 1978).

6 FRANCISCO, Carta encíclica *Laudato si'* (2015), n. 208.

7 A. MACINTYRE, *Tras la virtud* (Barcelona 2004).

unha previa pedagogía maligna do odio, unha sistemática erradicación da compaixón e un tenaz cultivo do resentimento. Adestrar e manipular estas emocións é moi sinxelo, porque son elementais e poderosas. David Hamburg, da Universidade de Stanford, sinalou que os ditadores, os demagogos e os fanáticos relixiosos poden xogar habilmente coas frustracións reais que as persoas experimentan en tempos de dificultades económicas e/ou sociais severas⁸. En tempos de polarización ideolóxica convén non esquecerlo. A Igrexa sempre debe traballar pola concordia e o encontro.

Vivimos un cambio de época, non unha época de cambios: a globalización, unha composición social cada vez máis multicultural e multirreligiosa, o vertixinoso avance da ciencia e da tecnoloxía, as novas formas de comunicación e os cambios culturais están transformando radicalmente a maneira de vivir, pensar e relacionarnos. Certos pensadores incluso falan de que estamos a punto de alcanzar *la singularidade*, é dicir, un cambio tan radical que pode dicirse que camiñamos con paso decidido ou ben cara ó trashumanismo ou cara ó *posthumanismo*: “Algúns sosteñen que unha tal IA podería un día alcanzar-lo estado de “superintelixencia”, sobrepasando a capacidade intelectual humana, ou contribuír á “superlonxevidade” grazas ós progresos das biotecnoloxías. Outros temen que estas posibilidades, por hipotéticas que sexan, eclipsen un día a propia persoa humana, mentres que outros acollen con satisfacción esta posible transformación”⁹.

8 J. A. MARINA, *Biografía de la inhumanidad* (Barcelona 2021), p. 155.

9 DICASTERIO PARA A DOCTRINA DA FE - DICASTERIO PARA A CULTURA E A EDUCACIÓN, *Antiqua et Nova. Nota sobre a relación entre a intelixencia artificial e a intelixencia humana* (Roma 2025), n. 9.

No medio desta situación, o ser humano experimenta unha forte crise de sentido que hoxe xa ninguén nega: unha perda de referencias éticas, unha fragmentación da identidade e un crecente nihilismo, con serias repercusións na saúde mental e o benestar emocional dos nosos contemporáneos. Hai tempo que lamentámo-lo déficit de comunidade das nosas sociedades, pero non teño moi claro se facémo-lo suficiente por reverter dita situación. Advertencias non faltaron sobre a necesidade de cambiar os paradigmas e os puntos de vista para reaccionar ante as necesidades emerxentes, non só por parte dos últimos pontífices: aí están os escritos, entre outros moitos pensadores, de Erich Fromm, Zygmunt Bauman, Adela Cortina y Byun-Chul Han.

O recente Premio Princesa de Asturias na categoría de comunicación e humanidades dedica o primeiro capítulo do seu último libro ó tema da atención. Quixera compartir con vós algunhas das ideas que alí encontramos. Case ó principio do capítulo formula unha afirmación demoleadora: “Estámonos convertendo en gando consumidor. A percepción guíase cada vez en maior medida polos estímulos e a adicción”, para dicir, un chisco máis adiante, que “tamén as redes sociais recorren ós adictivos algoritmos para converte-las persoas en dependentes e, desafortunadamente, controlalas e dirixilas”¹⁰.

O filósofo surcoreano, formado e asentado na Alemaña, considera que é urxente supera-la posverdade e que para iso é indispensable cultiva-la atención: “Quen non é capaz de manter unha atención contemplativa, de mirar, non

10 BYUNG-CHUL HAN, *Sobre Dios. Pensar con Simone Weil* (Barcelona 2025), pp. 14 e 17.

pode acceder á verdade, á verdadeira e duradeira orde das cousas”¹¹. E extrae unha conclusión moi importante ó meu xuízo: “A atención tamén presenta unha dimensión social. Por iso o seu declive ten graves consecuencias para as relacións interpersoais. Tanto a empatía como o respecto baséanse na *atención ó outro*. A sociedade embrutécese cando perde esa atención ó outro. A carencia deste tipo de atención xera tamén un incremento da violencia”¹².

O certo é que todo o sinalado ata o de agora afecta profundamente ó entorno educativo. Por iso mesmo necesitamos unha escola, ó modo dun hospital de campaña e de estilo sinodal, afastada do virus da polarización, na que a unidade prevaleza sobre o conflito¹³; unha educación que axuda a desfacer nós, que ten efectos integrais e transversais, e na que a idea de servizo e exemplaridade ocupa un papel primordial. Os nosos colexios diocesanos, de longa traxectoria todos eles, teñen sido unha achega importante nesa dirección, como ben o saben nos diferentes territorios nos que se sitúan.

Nese sentido, creo que paga a pena recorda-las seguintes palabras do Papa Francisco, pronunciadas na súa visita á tumba de Lorenzo Milani, un sacerdote italiano que exerceu un impresionante labor na escola popular da pequena vila de Barbiana (Florencia): “A vosa é unha misión chea de obstáculos, pero tamén de alegrías. Pero sobre todo é unha misión. Unha misión de amor, porque non se pode ensinar sen amar e sen a conciencia de que o que se doa é só un dereito que se recoñece, o de aprender. E para ensinar hai moitas cousas, pero a esencial é o

11 Ibid. p. 18.

12 Ibid. p. 25.

13 FRANCISCO, Exhortación apostólica *Evangelii gaudium* (2013), nn. 226-230.

crecemento dunha conciencia libre, capaz de afronta-la realidade e de orientarse nela guiada polo amor, as ganas de comprometerse cos demais, de facerse cargo das súas fatigas e feridas, de evitar todo egoísmo para servir ó ben común”¹⁴. Dificultades e obstáculos sempre houbo, o noso tempo non ía ser distinto: o que necesitamos é reaviva-la chama da fe, a paixón pola educación e a dispoñibilidade para a misión.

Educar, espazo e camiño no que renace a esperanza

O 28 de outubro de 2025 cumpríronse 60 anos da declaración conciliar *Gravissimum educationis*. Con tal motivo, o Papa León XIV publicou unha fermosísima carta apostólica co título *Deseñar novos mapas de esperanza*, cuxa lectura recomendo vivamente a todos cantos traballan no ámbito educativo. Recórdanos que a educación non é unha actividade accesorio na vida da Igrexa, senón que constitúe o tecido mesmo da evanxelización: “Alí onde as comunidades educativas se deixan guiar pola palabra de Cristo, non se retiran, senón que se relanzan; non levantan muros, senón que constrúen pontes”¹⁵.

Resulta chamativo que, despois destes anos, seguen mantendo a súa plena actualidade aquelas palabras do Concilio Vaticano II expresadas no núm. 1 de *Gravissimum*

14 FRANCISCO, Discurso na visita á tumba de Lorenzo Milani (20 de xuño de 2017).

15 LEÓN XIV, *Deseñar novos mapas de esperanza*. Carta Apostólica con motivo do 60º aniversario da Declaración conciliar *Gravissimum educationis* (27 de outubro de 2025), n. 1.1.

educationis: “A verdadeira educación propónse a formación da persoa humana en orde ó seu fin derradeiro e ó ben das varias sociedades, das que o home é membro e de cuxas responsabilidades deberá tomar parte unha vez chegado á madurez”. Estes principios, como sinala León XIV, non son recordos do pasado: o labor hoxe, subliña o Papa, é atreverse cun humanismo integral que habite as preguntas do noso tempo sen perde-la fonte.

Xa no seu primeiro texto maxisterial, o Papa León XIV sinala que “a educación é unha das máis altas expresións da caridade cristiá”¹⁶. Na carta apostólica que nos acaba de agasallar afonda nesa afirmación e salienta que “educar é un acto de esperanza e unha paixón que se renova porque manifesta a promesa que vemos no futuro da humanidade (...) Educar é unha tarefa de amor que se transmite de xeración en xeración, remendando o tecido esgazado das relacións e devolvendo ás palabras o peso da promesa”¹⁷.

Desde estas claves, a educación que se define como católica ten unha misión renovada e irrenunciable: formar persoas íntegras, libres, responsables e abertas á transcendencia, capaces de descubri-la súa vocación e de comprometerse na construción dun mundo máis xusto e fraterno, como sinalou a Congregación para a Educación Católica hai tres anos nunha Instrución sobre a que volveremos máis adiante¹⁸. Trátase, en definitiva, de educar no sentido pleno da palabra: *educere*, é dicir, “saca-lo mellor de cada persoa”, axudando a cada alumno a descubrir quen é e para que está chamado a vivir.

16 LEÓN XIV, *Dilexi te*, n. 68.

17 LEÓN XIV, *Deseñar novos mapas de esperanza*, n. 3.2.

18 CONGREGACIÓN PARA LA EDUCACIÓN CATÓLICA, *A identidade da escola católica para unha cultura do diálogo* (25 de xaneiro de 2022).

Seguindo coa lectura da recente carta apostólica de León XIV, encontrámonos con esta rotunda afirmación: “A historia da educación católica é a historia do Espírito en acción (...) Os estilos educativos que se viñeron sucedendo mostran unha visión do home como imaxe de Deus, chamado á verdade e ó ben, e un pluralismo de métodos ó servizo desta vocación. Os carismas educativos non son fórmulas ríxidas: son respostas orixinais ás necesidades de cada época”¹⁹. Pois, en palabras que ben poden aplicarse á historia de todos e cada un dos nosos colexios diocesanos, “na Igrexa, a pedagogía nunca é teoría desencarnada, senón carne, paixón e historia”²⁰. ¡Que ben o entenderon, entre outros moitos, o venerable Baltasar Parda e a súa Grande Obra de Atocha, D. José Sardina ó funda-lo Fogar de Santa Margarida, o cardeal Quiroga Palacios ó levanta-lo Seminario Menor de Belvís ou D. Luciano Moreira ó poñer en marcha en Fisterra o Colexio Nosa Señora do Carme! É importante facer memoria agradecida daqueles que, en circunstancias non menos difíciles cás actuais, volvo insistir, souberon responder á misión.

Deles, e de moitos homes e mulleres que deron rostro á misión educativa da nosa Igrexa diocesana, poderíase dicir que “a vida se ilumina non porque sexamos ricos, fermosos ou poderosos. Ilumínase cando un descobre no seu interior esta verdade: Deus chamoume, teño unha vocación, teño unha misión, a miña vida serve para algo máis grande ca min mesmo (...) Non o esquezamos: no centro dos itinerarios educativos non deben estar individuos abstractos, senón persoas de carne e óso, espe-

19 LEÓN XIV, *Deseñar novos mapas de esperanza*, n. 2.1.

20 LEÓN XIV, *Deseñar novos mapas de esperanza*, n. 2.3.

cialmente aquelas que parecen non producir, segundo os parámetros dunha economía que exclúe e mata. Estamos chamados a formar persoas, para que brillen como estrelas na súa plena dignidade”²¹.

A escola católica, espazo e tempo para unha cultura do diálogo

Cando se van cumprir 20 anos da primeira encíclica de Benedito XVI, *Deus caritas est*, non cansarei de repetir estas palabras que nos levan ó centro do Evanxeo: “*Cremos no amor de Deus*: así pode expresar o cristián a opción fundamental da súa vida. Non se comeza a ser cristián por unha decisión ética ou unha grande idea, senón polo encontro cun acontecemento, cunha Persoa, que dá un novo horizonte á vida e, con iso, unha orientación decisiva”²². Non o esquezamos nunca, por favor.

“Desenvolver unha cultura do encontro nunha pluriforme harmonía”: con estas palabras practicamente no inicio do seu pontificado²³, na exhortación apostólica *Evangelii gaudium*, o Papa Francisco indicaba á Igrexa e ó mundo enteiro cara a onde ían ir encamiñados os seus pasos e os seus esforzos. Para alcanzar dito obxectivo, o Papa nos números seguintes de dito documento maxisterial, sinala catro principios que brotan dos grandes postulados da Doutrina Social da Igrexa: o tempo é superior ó espazo, a unidade prevalece sobre o conflito, a realidade é máis importante cá idea, o todo é superior á parte. Cando

21 LEÓN XIV, *Homilía no Xubileo do mundo educativo* (1 de novembro de 2025).

22 BENEDICTO XVI, Carta encíclica *Deus caritas est* (2005), n. 1.

23 FRANCISCO, *Evangelii gaudium*, n. 220.

estamos falando de renovación de estruturas pastorais na nosa amada arquidiocese, para mellor cumprir coa misión, fariamos ben non só en non esquecer eses principios, senón, sobre todo, en meditalos sapiencialmente con frecuencia, en orde á fecundidade apostólica das nosas decisións e accións pastorais.

A necesidade dunha maior conciencia e consistencia da identidade católica das institucións educativas da Igrexa en todo o mundo foi posta de relevo nun congreso celebrado en 2015 en Castel Gandolfo. A partir de aí seguiu-se reflexionando sobre o tema, ata chegar á Instrución que dá título a este apartado e que xa mencionamos anteriormente. Pártese dunha idea clara, expresada moitas veces polo Papa Francisco: non podemos construír unha cultura do diálogo, se non temos identidade. A partir de aí recórdanse algúns dos principios fundamentais da escola católica, de entre os cales quixera destaca-lo seguinte: concíbense as escolas non tanto como institucións senón como comunidades (n. 16). En definitiva, unha *educación en saída*, concibida como un movemento ecolóxico, un movemento inclusivo e un movemento pacificador, é dicir, toda unha polifonía de movementos cun único denominador común: contrarrestar unha emerxencia educativa xeneralizada, cuxa orixe reside na ruptura do pacto educativo entre institucións, familias e persoas (nn. 32-33).

A educación católica parte dunha visión integral do ser humano. Fronte ás visións reducionistas que conciben a persoa como un simple produtor ou consumidor, a escola católica proclama que o ser humano posúe unha dignidade inalienable, porque foi creado á imaxe e semellanza de Deus (cf. Xn 1, 27). Por iso, educar cristiamente é acom-

pañar a cada alumno en tódalas dimensións do seu ser: intelectual, moral, afectiva, social e espiritual. Búscase formar non só bos profesionais, senón sobre todo persoas capaces de amar e servir. “A educación non mide o seu valor unicamente en función da eficiencia: mídeo en función da dignidade, a xustiza e a capacidade de servir ó ben común”, como afirma o Papa León XIV²⁴.

Nun tempo marcado pola incerteza, a violencia e a perda de referentes, nunca insistiremos o suficiente en que a educación católica está chamada a ser unha semente de esperanza. A esperanza cristiá non se basea nese optimismo superficial, que nos ofrecen os libros de autoaxuda e as pseudoterapias, senón na certeza de que Deus actúa na historia e confía no ser humano, é “a esperanza que non defrauda” (Rom 5, 5)²⁵. Educar desde a fe é transmitir á xente nova a convicción de que a súa vida ten sentido, que están chamados a algo grande, que cada un é unha historia sagrada. Esta ten que se-la esencia e o dinamismo dos nosos colexios diocesanos a tódolos niveis, docentes e non docentes: “Toda a comunidade escolar é responsable da realización do proxecto educativo católico da escola, como expresión da súa eclesialidade e da súa inserción na comunidade da Igrexa”²⁶.

24 LEÓN XIV, *Deseñar novos mapas de esperanza*, n. 4.2.

25 Cf. FRANCISCO, *Spes non confundit*. Bula de convocación do Xubileo Ordinario do ano 2025 (9 de maio de 2024).

26 CONGREGACIÓN PARA A EDUCACIÓN CATÓLICA, *A identidade da escola católica para unha cultura do diálogo*, n. 38.

Educar mentes abertas, críticas e reflexivas

Unha das grandes achegas do pensamento cristián foi sempre a harmonía entre a fe e a razón. Nun tempo onde a ciencia e a tecnoloxía, en especial os desenvolvementos que está ofrecendo a intelixencia artificial²⁷, ocupan un lugar central, a educación católica ofrece unha visión que integra ambos ámbitos sen opoñelos, porque “o progreso tecnolóxico forma parte do plan de Deus para a creación”²⁸. Tal como afirma san Xoán Paulo II no inicio de *Fides et Ratio*: “A fe e a razón son como as dúas ás, coas cales o espírito humano se eleva cara á contemplación da verdade”²⁹.

Exponse aquí, como di Paolo Benanti, un primeiro gran reto deste cambio de época: “Temos que volver falar do humano, temos que ser capaces de expresa-lo valor e a singularidade do noso ser como persoa con palabras adecuadas á comprensión dos nosos contemporáneos (...) Con frecuencia somos incapaces de sinala-los límites da máquina ou da tecnoloxía porque a nosa identidade humana difuminouse e xa non podemos percibi-los seus contornos e a súa profundidade”³⁰.

¿É certo que a dixitalización está modificando os nosos procesos cognitivos? Se isto é certo, ¿as nosas capacidades cognitivas están cambiando a peor? E se isto tamén

27 LEÓN XIV, *Deseñar novos mapas de esperanza*, n. 9.3: “O punto crucial non é a tecnoloxía, senón como a usamos. A intelixencia artificial e as contornas dixitais deben estar orientadas á protección da dignidade, a xustiza e o traballo; deben rexerse por criterios de ética pública e participación; deben ir acompañadas dunha reflexión teolóxica e filosófica adecuada”.

28 DICASTERIO PARA A DOCTRINA DA FE - DICASTERIO PARA A CULTURA E A EDUCACIÓN, *Antiqua et nova*, n. 117.

29 SAN XOÁN PAULO II, Carta encíclica *Fides et ratio* (1998).

30 PAOLO BENANTI, *La era digital* (Madrid 2024), p. 106.

é certo, ¿que podemos facer para evitalo? Nun magnífico artigo de 2008 preguntábase Nicolás Carr se Google nos está facendo estúpidos ou, cando menos, superficiais³¹. Unhas ideas que desenvolveu uns anos máis tarde nun libro non menos interesante³². Creo que desde entón as cousas non fixeron senón empeorar. Por iso é tan necesario forma-las novas xeracións no discernimento e no uso san e saudable das novas tecnoloxías.

Esta convicción, xunto á anterior, explica a necesidade e a obriga de educar mentes abertas, críticas e reflexivas, que buscan a verdade en tódalas súas dimensións, conscientes de que a razón humana non se realiza plenamente sen a luz da fe. Na escola católica, o saber científico e técnico complétase cunha visión sapiencial que axuda a comprende-lo sentido da vida e a responsabilidade ética de cada descubrimento. Así, os alumnos aprenden a usa-lo coñecemento ó servizo do ben común, non como instrumento de poder, senón de servizo e solidariedade. Recordemos neste punto as valiosas ensinanzas dos números 259 a 279 da exhortación apostólica postsinodal do Papa Francisco *Amoris laetitia* que, aínda que referidas ó ámbito educativo familiar, son igualmente básicas para os nosos colexios diocesanos.

Volvo insistir en algo que me parece absolutamente fundamental: non podemos esquecer que o Evanxeo constitúe o corazón e a identidade da educación católica. A Igrexa existe para testemuñar ó mundo o acontecemento deci-

31 N. CARR, 'Is Google Making Us Stupid? What the Internet is doing to our brains', *The Atlantic*, July/August 2008, en <https://www.theatlantic.com/magazine/archive/2008/07/is-google-making-us-stupid/306868/>.

32 N. CARR, *Superficiales. ¿Qué está haciendo Internet con nuestras mentes?* (Madrid 2011).

sivo da historia: a resurrección de Xesús³³. Non se trata só de ensinar relixión, senón de vivir desde unha inspiración evanxélica que impregna toda a vida escolar: as relacións humanas, o estilo pedagóxico, a xestión, a convivencia e o compromiso social. Neste sentido, a escola católica é unha escola que promove o respecto, a xustiza, a paz, o perdón, a solidariedade, a verdade e a liberdade. Estes valores non son meras normas éticas, senón expresións concretas do amor cristián.

Como o Papa Francisco recorda en *Christus vivit*: “Educar é un acto de amor; é dar vida. E o amor é esixente. Educar esixe utiliza-lo mellor de nós mesmos e desenvolve-la paciencia para acompañalos procesos de crecemento dos demais”³⁴. Educar nos valores evanxélicos é, polo tanto, formar discípulos e cidadáns capaces de transformar a sociedade desde dentro, comprometidos cos máis pobres, os excluídos e os que sofren. É preparar homes e mulleres que vivan a fe non como refuxio, senón como forza transformadora. Por iso, como afirma o Papa León XIV, “a educación non é unha actividade accesorio, senón que constitúe a esencia mesma da evanxelización: é a forma concreta na que o Evanxeo se converte en xesto educativo, relación e cultura”³⁵.

A escola católica non se illa do mundo nin se encerra en si mesma. A súa vocación é dialogar coa cultura contemporánea desde a fidelidade ó Evanxeo e desde o respecto a todos. Este diálogo é necesario para discernir os signos dos tempos (cf. *Gaudium et Spes* 4) e ofrecer respostas

33 DOCUMENTO FINAL DO SÍNODO 2021-2024, *Por unha Igrexa sinodal: comunión, participación e misión. Documento final* (26 de outubro de 2024), n. 14.

34 FRANCISCO, Exhortación apostólica postsinodal *Christus Vivit* (2019), n. 221.

35 LEÓN XIV, *Deseñar novos mapas de esperanza*. Preámbulo 1.1.

cristiás ós novos desafíos: a pluralidade relixiosa e cultural, o relativismo moral, o reto dunha paz duradeira, a crise ecolóxica, as desigualdades sociais, as migracións, a revolución dixital, o *burnout* ou síndrome de desgaste profesional de tantos educadores e profesionais da sanidade, o *bullying* ou acoso escolar, o aumento do consumo de pornografía entre os menores de idade e o suicidio infantoxuvenil, entre outros moitos³⁶.

A educación afronta a chamada *rapidación*, que encarcera a existencia no vórtice da velocidade tecnolóxica e dixital, cambiando continuamente os puntos de referencia. Neste contexto, a identidade mesma perde consistencia e a estrutura psicolóxica desintégrese ante unha mutación incesante que contrasta a natural lentitude da evolución biolóxica. “A isto súmase o problema de que os obxectivos dese cambio veloz e constante non necesariamente se orientan ó ben común e a un desenvolvemento humano, sostible e integral. O cambio é algo desexable, pero vólvese preocupante cando se converte en deterioro do mundo e da calidade de vida de gran parte da humanidade”³⁷.

Pero non quero parecer pesimista, nin moito menos: en tódalas situacións escuras ou dolorosas, que mencionamos, hai saída. O Papa Francisco sinalábao en *Christus vivit*, recordando a figura do hoxe San Carlos Acutis: “Non deixes que che rouben a esperanza e a alegría, que te narcoticen para utilizarte como escravo dos seus intereses. Atrévete a ser máis, porque o teu ser importa máis

36 DICASTERIO PARA A DOCTRINA DA FE, Declaración *Dignitas infinita* sobre a dignidade humana (2024).

37 FRANCISCO, *Laudato si'*, n. 18.

que calquera cousa. Non che serve ter ou aparecer. Podes chegar a se-lo que Deus, o teu Creador, sabe que es, se recoñeces que estás chamado a moito. Invoca ó Espírito Santo e camiña con confianza cara á gran meta: a santidad. Así non serás unha fotocopia. Serás plenamente ti mesmo”³⁸.

E León XIV sitúanos nesta mesma dirección: “É tarefa da educación ofrecer esta *Luz amable* a aqueles que, doutro modo, poderían quedar prisioneiros das sombras particularmente insidiosas do pesimismo e do medo. Por iso gustaríame dicirlles: desarmémo-las falsas razóns da resignación e da impotencia e difundamos no mundo contemporáneo as grandes razóns da esperanza. Contemplemos e sinalemos esas constelacións, que transmiten luz e orientación no noso presente escurecido por tantas inxustizas e incertezas. Por iso ánimoos a facer das escolas, das universidades e de toda realidade educativa, incluso informal e de rúa, os limiares dunha civilización do diálogo e da paz”³⁹.

Por iso, a escola católica propón unha presenza testemuñal, próxima, aberta, onde se mostra que a fe cristiá non é contraria á liberdade nin ó progreso, senón unha proposta humanizadora que ilumina tódalas realidades humanas. Educar desde esta perspectiva implica ensinar á xente nova a pensar criticamente, a confronta-las ideoloxías, a distingui-lo esencial do superficial, e a vivi-la fe como unha opción libre, razoada e alegre.

38 FRANCISCO, *Christus vivit*, n. 107.

39 LEÓN XIV, *Homilía no Xubileo do mundo educativo*. Nestas palabras fai referencia a un dos textos máis coñecidos de san John Henry Newman, o himno *Lead, kindly light* («Guíame, Luz amable»).

É importante ter presente que o proxecto formativo da educación católica se vive en comunidade: a sinodalidade como profecía social. Unha escola católica non é só un lugar onde se imparten clases, senón unha comunidade educativa que comparte unha misión común: educar evanxelizando e evanxelizar educando⁴⁰. Profesores, alumnos, familias, persoal de administración e servizos, sacerdotes e axentes pastorais participan desta misión: “A educación cristiá é unha obra coral: ninguén educa só. A comunidade educativa é un «nós» onde converxen o profesor, o alumno, a familia, o persoal administrativo e de servizos, os pastores e a sociedade civil para xerar vida”⁴¹. No documento final do Sínodo da sinodalidade (2021-2024) recórdasenos que “na mañá de Pascua encontramos tres discípulos: María Magdalena, Simón Pedro e o Discípulo a quen Xesús amaba. Cada un deles busca ó Señor á súa maneira; cada un ten o seu propio papel no amencer da esperanza”⁴². Preguntémonos con valentía ante o Señor cal é o noso papel.

A comunidade educativa convértese así nunha escola de comunión, onde se experimenta a fraternidade e o amor mutuo: “A educación católica ten a angueira de reconstruí-la confianza nun mundo marcado por conflitos e medos, recordando que somos fillos e non orfos: desta conciencia nace a fraternidade”⁴³. Os documentos maxisteriais veñen

40 Cf. FRANCISCO, *Discurso ós participantes no Capítulo Xeneral dos Irmáns das Escolas Cristiás* (21 de maio de 2022).

41 LEÓN XIV, *Deseñar novos mapas de esperanza*, n. 3.1. En nota fai referencia á Congregación para a Educación Católica, *Instrución A identidade da escola católica para unha cultura do diálogo* (25 xaneiro 2022), n. 32.

42 DOCUMENTO FINAL DO SÍNODO 2021-2024, *Por unha Igrexa sinodal: comunión, participación e misión*, n. 13.

43 LEÓN XIV, *Deseñar novos mapas de esperanza*, n. 4.3.

insistindo, xa desde *Gravissimum educationis*, que o testemuño persoal dos educadores é fundamental: máis que polas palabras, edúcase pola coherencia de vida. Os alumnos aprenden dos mestres que viven o que ensinan, que tratan a todos con respecto, que rezan con eles, que acompañan con paciencia e esperanza. Neste sentido, a escola católica é unha prolongación da comunidade eclesial e familiar, onde se aprende a vivi-la fe no cotián, na amizade e no respecto, no traballo e no servizo.

E todo iso cunha *espiritualidade sinodal*⁴⁴. A sinodalidade é moito máis ca un proceso ou mecanismo para a toma de decisións. Unha espiritualidade sinodal brota da acción do Espírito Santo e require escoita da Palabra de Deus, a contemplación, o silencio e a conversión do corazón. Unha espiritualidade sinodal esixe tamén ascese, humildade, paciencia e dispoñibilidade para perdoar e ser perdoado. Acoller con gratitude e humildade a variedade de dons e labores distribuídos polo Espírito Santo para o servizo do único Señor. Faino sen ambicións nin envexas, nin desexos de dominio ou control. Recoñecemos-lo froito cando a vida cotiá da Igrexa está marcada pola unidade e a harmonía na pluriformidade: “Ser Igrexa sinodal significa recoñecer que a verdade non se posúe, senón que se busca xuntos, deixándonos guiar por un corazón inqueda e namorado do Amor”⁴⁵.

44 Cf. DOCUMENTO FINAL DO SÍNODO 2021-2024, *Por unha Igrexa sinodal: comunión, participación e misión*, n. 43.

45 LEÓN XIV, *Homilía no Xubileo dos equipos sinodais e dos órganos de participación* (26 de outubro de 2025).

O Pacto Educativo Global

O Papa Francisco promoveu en 2019 a iniciativa dun Pacto Educativo Global para reaviva-lo compromiso por e coas xeracións novas, renovando a paixón por unha educación máis aberta e incluínte, capaz da escoita paciente do diálogo construtivo e da mutua comprensión. Trátase de uni-los esforzos por unha alianza educativa ampla para formar persoas maduras, capaces de superar fragmentacións e contraposicións e reconstruí-lo tecido das relacións por unha humanidade máis fraterna⁴⁶.

A fraternidade e o coidado da casa común son as dúas grandes categorías culturais que guiaron paradigmaticamente o pontificado de Francisco. Introducilas nos procesos educativos, como suxire o Pacto Educativo Global, significa recoñecelas como un dato antropolóxico e ético de base, a partir do cal enxertar tódalas gramáticas principais e positivas da relación: o encontro, a solidariedade, a misericordia, a xenerosidade, pero tamén o diálogo, a confrontación sa e, máis en xeral, as diversas formas de reciprocidade. Como repetidamente afirma o Papa Francisco en *Laudato si'*, “todo está conectado”. Cómpre volver experimentar en nós eses sentimentos que levaron hai oito séculos a San Francisco de Asís a compoñer *O Cántico das criaturas*, fonte de inspiración e guía para quen desexa protexe-la Creación.

Todo iso require, como sinalou amplamente o Papa Francisco en numerosas intervencións, a activación por parte de todos nós dunha tripla coraxe: a coraxe de poñe-la

46 Cf. Pacto Educativo Global. *Vademecum*.

Consultar en <https://www.educationglobalcompact.org/resources/Risorse/vademecum-espanol.pdf>

persoa no centro, a coraxe de investi-las maiores enerxías con creatividade e responsabilidade, a coraxe de formar persoas dispostas a poñerse ó servizo da comunidade. Por conseguinte, é necesario ofrecer á educación as mellores enerxías dispoñibles. *O mañá esixe o mellor de hoxe*. Estamos chamados a renovar e reintegra-lo esforzo de todos –persoas e institucións– pola educación. É necesario chegar alí onde se xestan os novos relatos e paradigmas, con ilusión e creatividade, con paixón e celo pastoral.

León XIV, no recente encontro que tivo cos educadores con motivo do xubileo do mundo educativo, dixo o seguinte: “Decidín retomar e actualiza-lo proxecto do Pacto Educativo Global, que foi unha das intuicións proféticas do meu venerado predecesor, o Papa Francisco”⁴⁷. O meu desexo como pastor desta arquidiocese é que tamén os nosos colexios diocesanos o fagan.

A fundación educativa diocesana: unha paixón que se renova

Como nos recordaba recentemente a Princesa de Asturias na entrega dos premios que levan o seu nome, “ten sentido coidar e defende-los valores que, como españois e europeos, en realidade coma cidadáns de calquera lugar, nos definen e nos guían. Confiar neles é confiar na liberdade fronte ó medo, na xustiza fronte á arbitrariedade, na democracia fronte á intolerancia, no Estado social de dereito fronte ó abuso do poder, nos dereitos humanos

⁴⁷ LEÓN XIV, *Discurso no encontro cos educadores con motivo do Xubileo do mundo educativo* (31 de outubro de 2025).

fronte á indiferenza. Son consciente de que ás veces as palabras pronunciadas nun atril poden soar baleiras, pero sei tamén que non está de máis repasar e recorda-la natureza das dificultades, pero tamén das solucións, e insistir en que non hai fórmulas máxicas para xestionar esa complexidade”⁴⁸.

Os tempos de escuridade non só non son novos, senón que non son en absoluto unha rareza na historia. Estamos próximos ó 50.º aniversario do pasamento desa gran pensadora que foi Hannah Arendt. A convicción que constitúe o trasfondo sobre o que escribín estas páxinas é que, con palabras desta gran filósofa alemá, “incluso nos tempos máis escuros témo-lo dereito de esperar certa iluminación, e que esta iluminación pode chegarnos menos de teorías e conceptos que da luz incerta, escintillante e adoito débil que irradian algúns homes e algunhas mulleres nas súas vidas e obras”⁴⁹. Quen está implicado nos nosos colexios diocesanos debe formar parte desa categoría de homes e mulleres, con toda humildade e sinxeleza, pero con total convicción. Sabede que contades coa complicidade e co apoio do voso arcebispo.

Como nos recordaba o Papa Francisco, “hai que perseverar no camiño dos soños. Para iso hai que estar atentos a unha tentación que soe facernos unha falcatuada: a ansiedade. Pode ser unha grande inimiga cando nos leva a baixa-los brazos porque descubrimos que os resultados non son instantáneos. Os soños máis fermosos conquístanse con esperanza, paciencia e empeño, renunciando ás présas. Ó mesmo tempo, non hai que se deter

48 Cita tomada de <https://www.fpa.es/es/sar-la-princesa-de-asturias/discursos/2025/>.

49 H. ARENDT, *Hombres en tiempos de oscuridad* (Barcelona 2017), p. 11.

por inseguridade, non hai que ter medo de apostar e de cometer erros. Si hai que ter medo a vivir paralizados, como mortos en vida, convertidos en seres que non viven porque non queren arriscar, porque non perseveran nos seus empeños ou porque teñen temor a equivocarse⁵⁰. Por iso, enchámo-las nosas alforxas de paciencia, creatividade e esperanza; e que nunca nos falten a alegría nin o bo humor.

En consecuencia, co fin de responder a este sentido comunitario eclesial e familiar, profundamente profético na liña manifestada polo maxisterio da Igrexa nos últimos anos, decidimos constituí-la **Fundación Educativa *Ultreia***, que non haberá ser simplemente unha entidade xestora de centros educativos, senón expresión da misión evanxelizadora da nosa Igrexa diocesana de Santiago de Compostela no ámbito da educación e nesta época que nos foi dada, o noso *kairós*, desde o compromiso de ofrecer unha formación integral que xunte fe, cultura e vida. Neste sentido, a Fundación actuará como prolongación institucional da diocese, que asume a responsabilidade de educar segundo o Evanxeo, ó servizo da persoa e do ben común. Trátase de procurar calidade e claridade na planificación pedagóxica, na formación docente e na xestión e, ó mesmo tempo, apoiar ás familias vulnerables.

As escolas diocesanas non son proxectos illados, senón extensións vivas da comunidade parroquial e diocesana. A través delas, a Igrexa acompaña o crecemento humano e espiritual de nenos e mozos; promove valores evanxélicos nun contexto plural e ofrece un espazo onde a fe pode dialogar coa razón, a ciencia e a cultura. Desta

maneira, os centros educativos diocesanos prolongan a acción pastoral da Igrexa no ámbito educativo, integrando ensinanza e testemuño, razón e fe, educación e evanxelización. Trataríase de establecer unha alianza educativa entre os centros educativos diocesanos, aberta ó encontro e colaboración con outras escolas de identidade católica: “O mundo educativo católico é unha rede viva e plural (...) Cada estrela ten o seu propio brillo, pero xuntas trazan un rumbo. Onde antes había rivalidade, hoxe pedimos ás institucións que converxan: a unidade é a nosa maior forza profética”⁵¹.

Ademais, esta Fundación Educativa diocesana tamén se comprende como prolongación da familia cristiá. A educación, antes que tarefa institucional, é unha vocación compartida entre familia, Igrexa e escola. Porque a familia é a primeira comunidade educativa e evanxelizadora, a escola diocesana únese a ela para acompañala maduración da persoa nun clima de fe, respecto e amor ó próximo. A Fundación busca crear unha comunidade educativa onde familias, educadores e axentes de pastoral traballen unidos na formación de persoas libres, responsables e crentes. Así, a Fundación Diocesana converterase nunha ponte entre a familia e a Igrexa, procurando garantir unha educación coherente cos valores do Evanxeo.

A súa razón primeira e derradeira de ser resúmese en servir á misión educativa da Igrexa: formar persoas segundo o modelo de Cristo, promovendo a dignidade humana, a solidariedade e a esperanza. Cada escola diocesana, baixo a tutela e supervisión da Fundación, é un lugar de encontro entre a fe e a cultura, unha comunidade de vida

51 León XIV, *Deseñar novos mapas de esperanza*, n. 8.1.

e aprendizaxe que testemuña o amor de Deus no medio do mundo.

A unidade e coordinación dos centros escolares que competen directamente á Igrexa diocesana de Santiago permite asegurar que todos eles participen dunha mesma misión: formar integralmente á persoa segundo o Evanxeo. Deste modo, constrúese un proxecto educativo común, consolídase unha identidade compartida, inspirada nos valores cristiáns, cunha proposta educativa coherente en tódolos colexios. Así búscase un traballo en rede que favorece a cooperación entre os centros, o intercambio de boas prácticas e a organización conxunta de actividades pastorais, formativas e académicas.

Trátase de responder ós retos contemporáneos mediante unha estrutura organizativa flexible e profesional que responda mellor ós cambios do entorno, que posibilite unha estratexia común de innovación educativa, formación docente e renovación de infraestruturas. A través da coordinación, a busca de sinerxías e o mutuo apoio sacaremos-lo mellor dos moitos e variados talentos e carismas que aniñan no interior dos diferentes centros educativos diocesanos. Estou seguro de que o conseguiremos coa graza de Deus.

Crear unha fundación educativa, ó servizo da misión evanxelizadora da nosa Igrexa diocesana, é unha decisión pastoral que busca garanti-la continuidade, a calidade e a identidade da educación católica na diocese e así *evanxelize educando e educar evanxelizando*. Facemos nosas as palabras do Papa León XIV: “Menos etiquetas, máis historias; menos oposicións estériles, máis sinfonía no Espírito”⁵².

Coa **Fundación Educativa *Ultreia*** queremos facer, desde esta Igrexa diocesana, unha proposta de futuro, que responda as necesidades máis profundas do ser humano: busca-la verdade, vivi-lo amor e manter viva a esperanza. Que as escolas, colexios e institucións educativas, que a integren, sexan, hoxe máis ca nunca, lugares de encontro con Cristo, espazos seguros e alegres onde se eduque para a vida, se aprenda a amar e se cultive unha esperanza que transforme o mundo nunha verdadeira comunidade de irmáns.

A referencia máis antiga á expresión *Ultreia* encontrámola no *Códice Calixtino* (século XII), o máis antigo e notable manuscrito do *Liber Sancti Iacobi*, que recolle en tres composicións esta invocación⁵³. Unha delas, no seu segundo apéndice, é o himno *Dum pater familias*, onde se canta: *E ultreia, e suseia, Deus aia nos*. Ou sexa: “máis adiante e máis arriba! Que Deus nos axude”. Este saúdo, que leva séculos sendo utilizado polos peregrinos que se dirixen a Santiago de Compostela, é expresión de ánimo e esperanza. É evidente que a peregrinación é símbolo e, á vez, realización concreta da condición do home que camiña baixo o signo da esperanza, que por iso se pon en pé e se pon en camiño para encontrarse cun horizonte de plenitude. É o home finito, necesitado de realidades de valor superior, que hai que buscar e alcanzar con empeño e esperanza. Ás veces son realidades escondidas na intimidade persoal, que precisan dunha viaxe cara a ese fondo íntimo para encontralas.

53 A expresión *ultreia et suseia* aparece en varias composicións do *Códice Calixtino*, principalmente no Apéndice II, concretamente no himno *Dum pater familias*, tamén coñecido coma a “Canción dos peregrinos flamengos”. Tamén se pode encontra-la expresión no capítulo XXVI do Libro I, na misa do papa Calixto para o día de Santiago, e no himno *Ad honorem Regis summi* do Apéndice I.

O Camiño de Santiago é unha rede intensa, preciosa, de presenzas do pasado e do presente, un inmenso mosaico de testemuños de historia, de arte, de relixiosidade, de actos e actitudes de xenerosidade gratuíta, que o converten nunha ruta que ofrece ó peregrino unha posibilidade única de experimentar cada día unha historia de beleza, de verdade e de bondade humana. E tamén unha historia de Deus. E por iso, quixemos que esta invocación dos peregrinos evoque o camiño educativo como unha peregrinación interior e compartida, sempre aberta ó crecemento e á procura da bondade, da beleza e da verdade.

O reto é grande, non cabe dúbida, e pode provocar vertixe. Pero é a nosa obriga, a responsabilidade que se nos encomendou. Recordemos estas palabras de Benedito XVI: “Ás veces, o exceso de necesidades e o limitado das súas propias actuacións faranlle sentir [ó que serve] a tentación do desalento. Pero, precisamente entón, acougarao saber que, en definitiva, el non é máis ca un instrumento nas mans do Señor; liberarase así da presunción de ter que mellora-lo mundo -algo sempre necesario- en primeira persoa e por si só. Fará con humildade o que lle é posible e, con humildade, confiará o resto ó Señor. Quen goberna o mundo é Deus, non nós. Nós ofrecémoslle o noso servizo só no que podemos e ata que El nos dea forzas. Porén, facer todo o que está nas nosas mans coas capacidades que temos, é o labor que mantén sempre activo ó servo bo de Xesucristo: «Aprémanos o amor de Cristo» (2 Co 5, 14)”⁵⁴.

Véñenme á memoria unhas palabras de Kierkegaard, o filósofo danés: “Descarga tódalas túas preocupacións

en Deus, plenamente, incondicionalmente, como o fan os lirios e as aves. Dese modo, volveraste tan incondicionalmente gozoso coma eles. Porque ese é o gozo incondicional”⁵⁵. Renovémo-la confianza no Señor, agora que emprendemos este camiño, trazando a ruta e esculcando un horizonte que nos permiten dar cabo á misión que Deus pon nas nosas mans.

Como recordaban os antigos, *non scholae sed vitae*: eduquemos para a vida e para o ben común. Pido que a luz do Evanxeo siga guiando o noso camiño educativo e acompañando a quen busca crecer en verdade e esperanza: nenos e mozos, alumnos e familias, profesores e equipos directivos dos nosos centros diocesanos. Parafraseando a San Xoán Crisóstomo, cremos que educar é un acto de amor que transforma a quen ensina e a quen aprende⁵⁶.

Confiamos esta Fundación á intercesión de Santa María, Nai e discípula do seu propio Fillo, e á do Apóstolo Santiago, amigo e discípulo de Cristo Mestre.

En Santiago de Compostela, a 24 de novembro de 2025.

✠ Francisco José Prieto Fernández
Arcebispo de Santiago de Compostela

55 Cita tomada de BYUNG-CHUL HAN no seu libro *Sobre Dios*, pág. 49.

56 San Xoán Crisóstomo fala adoito da educación como angueira de amor, especialmente nos sermóns sobre a vida familiar e a educación dos fillos (*Homilías sobre a Primeira Carta a Timoteo*, *Homilías sobre o Evanxeo de Mateo* e no tratado *Sobre a vangloria e a educación dos fillos*).

